



## MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión Ordinaria do Pleno do 11 de decembro de 2017

---

Na Galería da Alcaldía do Concello de Vigo, ás 17:00 horas do día 11 de decembro de 2017, ten lugar a sesión Ordinaria do Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

### ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo.

Representantes concelleiros/as:

#### FORNELOS DE MONTES:

D. Emiliano Lage Rodríguez.  
D. Serafín Ángel Martínez Martínez.

#### GONDOMAR

D. Juan Francisco Ferreira González.  
D. Xose Antonio Araújo Quintas.

#### MOS

D. Francisco Vázquez Troitiño.  
D. Miguel Anxo Aldea Moscoso.

#### REDONDELA:

D. Xoan Carlos González Campo.

#### SALCEDA DE CASELAS:

D. Marcos David Besada Pérez  
D<sup>a</sup>. Verónica Tourón Domínguez.

#### VIGO:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Jaime Aneiros Pereira.  
D. Carlos López Font.  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.  
D. David Regades Fernández.  
D. Angel Rivas González.  
D. Rubén Pérez Correa.

### NON ASISTEN

- D<sup>a</sup>. Natalia Sofía Salgueiro Hermida, concelleiro/a do Concello de Gondomar
- D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, concelleiro/a do Concello de Mos
- D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha, concelleiro/a do Concello de Mos
- D. Andrés Iglesias Rodríguez, concelleiro/a do Concello de Pazos de Borbén
- D. Francisco Amoedo Lorenzo, concelleiro/a do Concello de Pazos de Borbén
- D. Javier Bas Corugeira, concelleiro/a do Concello de Redondela
- D. Eduardo José Reguera Ocampo, concelleiro/a do Concello de Redondela
- D. Santiago Rodríguez Davila, concelleiro/a do Concello de Salceda de Caselas
- D. Agustín Reguera Ocampo, concelleiro/a do Concello de Soutomaior
- D. Ramón Ángel Fernández Garrido, concelleiro/a do Concello de Soutomaior
- D. Alejandro Pazos Miguez, concelleiro/a do Concello de Soutomaior
- D<sup>a</sup>. Elena MuñozFonteriz, concelleiro/a do Concello de Vigo
- D. Diego Gago Bugarín, concelleiro/a do Concello de Vigo
- D. José Manuel Figueroa Vila, concelleiro/a do Concello de Vigo
- D. Miguel Fidalgo Iglesias, concelleiro/a do Concello de Vigo
- D<sup>a</sup> María Angeles Marra Domínguez, concelleiro/a do Concello de Vigo
- D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, concelleiro/a do Concello de Vigo
- D<sup>a</sup>. Margarida López Barreiro, concelleiro/a do Concello de Vigo

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escaríz Couso. Da fe do acto o secretario José Riesgo Boluda.

**Presidente:** Boas tardes. Iniciamos o pleno da Mancomunidad, convocatoria que obra en poder de tódolos membros deste pleno, pasando lista e constatando o quórum non caso de que o houbera, Secretario.

**Secretario:** Quince asistentes (dous asistentes incorporáronse despois do reconto), o quórum é un terzo, doce asistentes. Hai quórum, Sr. Presidente, para continuar.

**Presidente:** Moitas grazas. Constatado o quórum, polo tanto, iniciamos a sesión coa orde do día da convocatoria.

### **PUNTO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (SESIÓN ORDINARIADO 27 DE SETEMBRO DE 2017).**

**Presidente:** O primeiro punto e a aprobación da acta anterior que foi a sesión ordinaria do 27 de setembro deste ano. Hai observacións á acta? (non hai).

Queda aprobada por unanimidade.

## **PUNTO 2.- DEBATE SOBRE A CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE INICIAR EXPEDIENTE DE DISOLUCIÓN DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO, E NO SEU CASO, INICIACIÓN.**

O punto segundo é o debate sobre a conveniencia de iniciar expediente de disolución da Mancomunidade de Vigo, que era a razón para esta convocatoria. Estamos neste momento na Mancomunidade nunha situación singular. En primeiro lugar temos aprobada e en vigor, con suspensión cautelar, unha lei de área metropolitana que mandaba a disolución inmediata da Mancomunidade para non ter un solapamento de dúas institucións, que parcialmente incidían non mesmo obxecto do ámbito administrativo e político. En parte, a área metropolitana e mais ampla, pero con algúns aspectos comúns e a área metropolitana mandaba a disolución. En tempo e forma eu din instrucións ao Secretario da Área metropolitana, que á súa vez é o Secretario da Mancomunidade, de iniciar o proceso de disolución da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Como recordades, cando iniciabamos esa tramitación houbo un recurso por parte da Xunta de Galicia sobre a procedencia e sobre si se puxera en funcionamento a Área Metropolitana ou non que levou ao Xuíz do Contencioso-administrativo de Vigo a decretar unha suspensión cautelar. No momento en que o Xulgado decreta a suspensión cautelar, paralizamos a disolución da Mancomunidade porque a lei queda nun limbo sen definir, quedando todo nunha situación de difícil definición aos efectos da disolución ou non.

Por outra parte, un dos grupos que forman parte desta Mancomunidade fixo pública a súa inasistencia aos plenos reclamando a disolución sen ter nunca concorrido ás reunións deste órgano para contar a súas razóns, que non poño en dúbida que as poida haber nin que sexan lexítimas ou non.

E unha terceira cuestión que ten que ver co obxecto da Mancomunidade: A Mancomunidade dende ou seu inicio se converte nunha institución captadora de recursos europeos para diferentes proxectos; nunha época na que había un número singular de proxectos ten un éxito razoable naquel proceso de captación de recursos, pero a partir de aí vaise debilitando a medida que os proxectos europeos entran tamén nun ámbito de menor definición e o certo é que neste momento funcionamos con case, case, a única subsistencia administrativa pola propia obrigaón de dar contas do seu funcionamento. Esta é a situación: non ámbito da propia Mancomunidade vou lembrar que varios municipios solicitaron a súa baixa: Nigrán, Baiona, Porriño,...no mandato anterior, e xa que logo a Mancomunidade ve diminuído o seu ámbito de funcionamento.

Nestas condicións, e antes de tomar a decisión como Presidente, de iniciar ou non un proceso de disolución, o obxectivo desta convocatoria é tentear como o vemos dende os diferentes lugares porque non quería tomar eu esta decisión de iniciar o proceso de disolución sen previamente pulsar opinións políticas a ao respecto da pervivencia. O certo é que, en termos de funcionamento, a Mancomunidade ten un funcionamento moi, moi endeble, practicamente só administrativo para o cumprimento das legalidades e algunhas cuestións relacionadas con algúns cursos de formación captados dende a Mancomunidade singularmente -tamén porque Vigo non concorre aos ditos cursos para deixar espazo a Mancomunidade- pero o certo é que practicamente nada mais. O cal orixina no ámbito da propia pervivencia que a Mancomunidade teña un remanente de tesourería de 1.447.909,42 euros. A área metropolitana e moi excedentaria, cun importantísimo remanente de tesourería. É certo que aglutinado por situacións diferentes segundo os concellos: algúns non fixeron as achegas, xa

que logo a estas cifras habería que engadirlle nalgún caso un saldo neto debedor dalgún dos concellos e outros, a maior parte, teremos un saldo neto acredor.

Polo tanto, nestas condicións eu quería escoitar opinións. Ou mais razoable é que a Área Metropolitana despois das seguintes eleccións municipais retome a súa actividade porque será o momento de volver tomar a decisión da constitución, e tamén se irán coñecendo as decisións que tomen os tribunais, que eu teño moi poucas dúbidas sobre que van declarar que a constitución procede da forma na que se fixo no acto constitutivo.

O certo é que coa disolución da Mancomunidade habería un aforro singular de recursos de todos s concellos porque deixaríamos de pagar as achegas á Mancomunidade, e dado que non está sendo capaz neste momento de atraer recursos europeos pola propia debilidade e porque eses fondos agora xa veñen por outras canles: os estamos conseguindo os concellos ou a propia Deputación por outras canles,.. pois o fundamento da subsistencia da Mancomunidade certamente é a xusta, por iso quería coñecer opinións para, como Presidente, tomar ou non a decisión de iniciar a disolución que eventualmente ten que ser votada: ten que ser votada neste pleno cunha convocatoria expresa. Non estamos agora votando a disolución, estamos facendo unha reflexión política sobre a conveniencia de iniciar a disolución que, no caso positivo se iniciaría mañá e habería un texto remitido polo secretario con todas as circunstancias da disolución e tardaría uns cinco meses aproximadamente en levarse a cabo esa disolución.

Isto é o que quería contar; non quería tomar a decisión sen previamente convocar este órgano democrático, escoitar opinións e a partir de aí facer ou que proceda.

Palabras?

**Rubén Pérez Correa, concelleiro de Vigo:** Boas, agradecemos que se abra o debate, porque é preferible que debatamos sobre algo que de facto esta morto porque vimos no anterior pleno que case non había nin sequera as convocatorias pertinentes para o tema orzamentario, que as tivemos que facer todas de golpe. Pero nós si que queremos apuntar polo menos algunhas dúbidas que temos. A Lei da Área Metropolitana está clara, cando se constituía a Área Metropolitana, se dissolve esta entidade. Nós temos dúbidas tamén desa propia lei, no seu día presentamos emendas porque nos parecía que tamén a Deputación non debería de ter ámbito de actuación onde actúa a Área Metropolitana, ese é outro debate. Pero si que, polo menos nesta tesitura, non tendo esa lei operativa ou polo menos con ese proceso xudicial sobre o proceso de constitución e vendo tamén unha realidade: que hai unha tesourería, que hai uns recursos,... e vendo tamén que non temos outro parlamento parecido para que os concellos nos poidamos atopar, tampouco vemos a urxencia perentoria de disolvela xa, sen estar antes resolto. É dicir, que para nós podería ser factible disolvela despois dese proceso electoral do ano 2019. En tanto en canto hai un remanente de tesourería, que ben empregado se podería tamén utilizar nalgunhas cuestións, e, en tanto, tamén sería a maneira de vernos tamén os concellos para abordar como vai a ser o proceso de volver a retomar a Área Metropolitana, porque nos entendemos que podería haber unha terceira modificación da Lei. E posible ademais que haxa algunhas cuestións que se teñan que modificar a posteriori, porque xa sabemos que houbo unha modificación da lei e polo tanto podería haber outra que lle dera algún sentido á Mancomunidade. Nós sempre defendemos o modelo de Cataluña, o modelo de Barcelona, a Mancomunidade de municipios funciona no consorcio metropolitano de Barcelona aportando un equilibrio tamén para que non sexa o concello de referencia, neste

caso Barcelona e Generalitat as que se repartan practicamente toda a xestión do consorcio se non que a través da Mancomunidade de municipios, esa terceira pata, cremos que funciona bastante ben e que incluso evita darlle o protagonismo á Deputación que para nós sería o debate que hai que abrir; é certo que a lei non o quixo abrir polas cuestións políticas que todos sabemos.

Pero non entendemos por que esta urxencia se sabemos que despois do 2019 se vai a abrir ou entendemos que hai compromiso dos partidos políticos para abrir o debate da Área Metropolitana. Por que disolvela xa? Se ata creo que lle poderíamos dar unha labor de debate político, disto mesmo que estamos facendo agora: facilitar que os concellos da Mancomunidade poidamos facelo de maneira habitual para ir abrindo un debate que creo que é necesario sobre, non soamente a Área Metropolitana -creo que todo ou mundo está de acordo- senon cales van ser as entidades públicas que van a operar e como van a operar.

**Xoan Carlos González Campo, concelleiro de Redondela:** Si, eu falo en nome do BNG de Redondela. O Bloque Nacionalista Galego, dende fai trinta anos que se constituíu a Mancomunidade, actuou sempre con criterio de servizo colectivo e de que os distintos concellos actuásemos colectivamente ou consensuadamente para, dalgunha maneira, mellorar os servizos prestados aos veciños e veciñas, e esa actitude e ese talante mantívémolo tamén coa Área Metropolitana. Entón nós o que consideramos é que, un pouco o que xa se dixo aquí, de que se é por unha cuestión de consulta nós mantemos a idea de que a Mancomunidade se manteña por esa ecuación que xurdiu vai trinta anos e, aínda que está nunha situación de febleza e de practicamente inoperancia, si que pensamos que se pode seguir traballando. Non nos acaba de convencer ese discurso, non sabemos porque, de deixar o tema da Área Metropolitana para despois das eleccións municipais cando os procedementos xudiciais seguen unha vía e os políticos, outra. Polo tanto, cremos que ese discurso pode ser un pouco perverso para utilizalo en campaña electoral e, repasando un pouco os estatutos e as propostas de disolución para nos, salvo esta cuestión de que a Área Metropolitana unha vez que se constitúe é quen asume a responsabilidade da Mancomunidade, xa que se está nunha situación de que hai un recurso presentado e que non se están dando pasos para adiante, nós o que consideramos é que a Mancomunidade debe seguir existindo porque ten certas competencias que debe seguir desenvolvendo. Nese sentido imos a seguir mantendo dalgunha maneira esa idea. En canto a que se isto se pode volver a traer a algunha asemblea, nós o que cremos é que debería haber un debate moito mais intenso, mais serio, nos distintos concellos para que isto non sexa despois, dalgunha maneira, un acordo que se poida tomar aquí sen o debido consenso que, consideramos dende o BNG, que todos os concellos deberíamos ter.

Pola nosa parte, a nosa proposta é de que a Mancomunidade se manteña, pois a medio prazo. Moitas Grazas

**Presidente:** Mais palabras?

Ben, por facer reflexión sobre estas dúas intervencións, porque o certo é que esta Mancomunidade despois dá última Lei de Racionalización y Sostenibilidade de la Administración Local (LRSAL) nin tan sequera pode ter un xerente xa, xa non temos nin unha persoa responsable. O xerente da Mancomunidade cesou por lei, non podemos ter xa que logo ao fronte ningunha persoa encargada de levala a diante. Descabezáronse as Mancomunidades, a



MANCOMUNIDADE  
DA ÁREA  
INTERMUNICIPAL DE VIGO

LRSAI descabezounas. Iso significa que hai certa deriva porque unha Mancomunidad sen órgano de dirección e sen alguén que se poña ao fronte, ao final vaise quedar nisto.. que é un lugar de reunión, que non é pequena cousa por certo pero, só para dialogar pero sen ningunha capacidade de executar. Isto é un tema moi importante porque estamos depositando recursos. Os remanentes de tesoureira non se poden utilizar por lei, e volvemos a ter outra vez a mesma dificultade que é a que nos leva a plantexar se nesta situación non convir mais disolver a Mancomunidad porque, un sitio onde tes millón e medio de euros que se poderían estar utilizando, seguro que atopamos algunhas cuestións aos que dedicalos. Pero primeiro non ter unha persoa capaz de levalo adiante non ámbito dá xerencia, e se está funcionando con catro persoas contratadas para cousas concretas de formación, sen un contido específico, sen ningunha posibilidade de darlle unha dirección administrativa, provocou que estea convenientemente descabezados aos efectos dos que pretendían que desaparecieran as Mancomunidades.

A Mancomunidad de Vigo sempre foi unha Mancomunidad un pouco especial porque non entramos na prestación de servizos, non facemos lixo conxunto, non facemos auga, non facemos algo que a propia Mancomunidad podería ter feito de forma colectiva.

Que facemos? Pois facemos cursos de formación, temos algún material móbil que, por exemplo neste momento Redondela se quere desfacer dun camión e que imos mandar dentro de uns días a buscalo, un camión que, por certo, me din que está en moi bo estado pero que non queren ter alí e, en consecuencia, o que estamos producindo é unha inmovilización significativa de recursos, porque eu non me acordo da achega de Vigo pero debe andar sobre os 350.000 euros ao ano, que non é que sexa moito pero é significativa, e que pasa a ser remanente de tesoureira da Mancomunidad, inmovilizado.

Esta é a dificultade que vos quero transmitir. Estamos nunha situación na que todos os concellos estamos obrigados a pagar as cotas, esas cotas chegan a un lugar que non ten capacidade de executalas, non ten a súa propia viabilidade, todo o que se fai, creo, é pagar un salario ou dous salarios por que o resto vai por cursos de formación e leva outra deriva distinta. Entonces temos unha institución administrativa sen contido. É o que a min me fai escéptico con respecto á Mancomunidad, pero eu quería escoitar a todo o mundo; neste pleno hai unha deserción dun grupo político significativo, aquí mesmo estamos os que estamos, pero hai un grupo político significativo que decidiu que desertaba deste pleno, e polo tanto, se pode converter nun lugar de encontro? Si, podemos facelo, pero claro estamos mantendo unha situación dunha institución administrativa con resultados cero. Isto é o que nos ten que facer pensar se ten sentido ter a Mancomunidad funcionando. É a miña propia reflexión que estou facendo en voz alta, así como a Área Metropolitana -por aclarar algunha cousa ao BNG- cando eu digo de deixalo, non é que eu queira deixala. Non, eu non quero deixala. É que nós estamos obrigados a constituír a Área Metropolitana, salvo que o xuíz diga outra cousa, despois das seguintes municipais. E despois das seguintes municipais imos estar nunha situación singular e é que a lei nos mandata constituír pero a cuestión é que o xuíz nos diga se esa nova constitución está viciada pola anterior ou non. Como a priori estamos mandatados a volver a formar a Área Metropolitana despois de cada elección municipal, eu teño a sensación de que temos que constituíla, a iso me refiro. Non me refiro a que eu queira deixalo para despois. Se por min fose, isto seguiría funcionando, e por parte da maior parte dos que estamos aquí, porque mantivemos o goberno da Área Metropolitana ata que o xuíz ordenou a suspensión. Logo estamos nunha situación especial, porque en Barcelona, claro, funcionan a Área Metropolitana, por unha banda, con competencias urbanísticas incluso e un

consorcio de transporte. Ben, é un modelo que é bo, eu non digo que aquí non poda acabar sucedendo, que entremos nun consorcio de transportes, encadrado dentro da Área Metropolitana ou fora da Área Metropolitana, ou teremos que decidir... Pero neste momento non temos ningunha posibilidade de facelo, porque a nosa Mancomunidade non ten servizos consorciados, ten como moito, creo,, algo de limpar montes, ou algo parecido, este material móbil que compartimos, e anda por aí un camión circulando entre diferentes concellos, e neste momento nin tan sequera ou quere Redondela. E por iso que eu plantexaba se convén disolver e que cada concello se quede cos recursos que ten que estar dedicando á Mancomunidade, porque aínda que non se paguen en termos de caixa, a obrigaón está presente. Estamos obrigados a pagar e os interventores vannos a esixir que paguemos cando chegue o momento todas as contas atrasadas, todas necesariamente, entón nesta situación parece mais razoable disolver a Mancomunidade, de acordo cos dereitos de cada un dos concellos, devolverlle o diñeiro aos concellos e non telo aí inmovilizado, que lle viría ben a moitos concellos neste momento para ser utilizados.

Esa é a miña reflexión que vos quero transmitir, e como lugar de encontro resulta un pouco atípico. Porque ao final, cantas reunións podemos ter ou ano? Tres? Cara tampouco é a expresión, porque eses recursos volverán para os concellos pero é certo que estamos pagando un salario ou dous que non fan nada e fago a reflexión tal como a teño na cabeza.

Creo que é unha forma de ver se somos eficientes mantendo isto vivo porque politicamente está morto. Como foro está morto, capacidade de decisión non temos, proxectos europeos non hai... era o que vos quería dicir. E estamos nun problema, claro.

**Serafín A. Martínez Martínez, concelleiro de Fornelos de Montes:**Eu fun un dos que fundamos a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, e fixémoslo como paso previo á creación da Área metropolitana. Eu creo que hoxe está asumido xa por todo o mundo, que a Área metropolitana está aí. De feito comentaba fai un momento que a Fornelos vénnos unha subvención de Servizos Sociais na que nos di que pertencemos á área, ou sexa, que a Xunta o aplica. Entón o que si se debe facer é, unha vez que se conseguiu aquilo que buscábamos, que era a creación desa Área, que parece que hai conxunto de opinións a favor, debater iso todo é debater tamén o acabar coa MAIV. No só é o diñeiro que hai, hai un parque comarcal que ten maquinaria e isto leva tempo, entón, eu creo que, para facer ben as cousas, había que empezar porque a MAIV xa conseguiu o seu obxectivo que é que se cree a Área Metropolitana.

**Presidente:**Si, eu véxoo así tamén. Algunha outra intervención?

**Miguel Anxo Aidea Moscoso, concelleiro de Mos:**Ola. E o persoal adscrito á Mancomunidade, qué pasaría con el?

**Presidente:**Deciden os técnicos, o que marquen as leis.

**Secretario:**No proceso de disolución constituirase unha Comisión de liquidación que decidiría, efectivamente, a distribución do patrimonio e a adscrición das tres persoas que hai na Mancomunidade traballando.

**Miguel Anxo Aldea Moscoso, concelleiro de Mos:** Adscribiríanse a algún sitio?

**Secretario:** Si.

**Miguel Anxo Aldea Moscoso, concelleiro de Mos:** Non sabemos onde?

**Secretario:** O que decida a Comisión.

**Presidente:** Ben, claro, estas cousas como son.

**Francisco Vázquez Troitiño, concelleiro de Mos:** O normal, como comentas, é que isto teña algo de vida, e vida significa plans, e significa proxectos. Se non hai nada diso a verdade e que e difícil defender que se mantenga unha cousa morta, non?

E despois, ben, a min chámame a atención, que dentro das débedas aparece o meu concello, Mos, cunha débeda increíble de 127.000 euros, moi superior a calquera dos outros concellos, que, polo que eu sei, leva sen pagar dende ou 2010. Entonces, que capacidade ten a Mancomunidade para facerlle pagar ao noso concello esa débeda e cando se pagaría?. Creo que son cuestións que están todas no aire e tamén, como se devolverían eses remanentes?. Cal sería o esquema ou o guión para devolverllos aos concellos?.

**Presidente:** Con respecto a Vigo, porque miro aquí a débeda... Nos non temos débedas, queda por pagar este cuadrimestre no que estamos. Estamos en período de pago. Vigo paga relixiosamente. Con respecto a Mos, eu non sei moi ben como está. O pon por aí nalgún sitio?

Aquí, neste papel o tes. Mos... as débedas anteriores ao 2017 elévanse 114.144,14 euros, que é un número máxico cheo de catorces. Mos non pagou...

No orzamento o interventor tería que contemplalo... digo eu, non interventor? Porque e unha obriga do interventor, porque é un feito firme que hai que pagar isto.

Significa que hai que sumarlle a cantidade que non aporten o ano que ven, se a disolvemos, será medio ano. Despois, que vai pasar?, porque eu vexo aquí algún concello que ten algunha débeda... que hai que sumarlle a parte a devolver, porque hai unhas cotas de devolución, entón cada concello recibirá unha cantidade e seguramente, excepto Mos, o resto outeñen un saldo positivo ou van a estar equilibrados, porque Mos debe levar moito tempo sen pagar... Dende o 2010, si. Pois pinta mal para Mos, pinta mal pero e así, é por lei, isto non ten escapatoria posible, nalgún momento terán que pagar.

**Francisco Vázquez Troitiño, concelleiro de Mos:** E non caso de que non paguen?

**Presidente:** Ten que pagar, encárganse os interventores diso, a lei o di e non queda mais



MANCOMUNIDADE  
DA ÁREA  
INTERMUNICIPAL DE VIGO

remedio. Igual que pagamos os demais que non somos distintos, estamos pagando todos, practicamente todos.

Ben, imos iniciar o proceso de disolución. Terá que ser votado. Iniciamos o proceso que despois virá aquí e entón teremos que votar formalmente o documento e a partir de aí tomar as decisións oportunas. Vos agradezo moito a presenza. Grazas.

**Xoan Carlos González Campo, concelleiro de Redondela:** Perdoa un momento, iniciar ou proceso en base a decisión de quen?

**Presidente:** A decisión a toma o Presidente. Unha vez escoitado e visto que aquí hai un clima moi maioritario de que procede disolver.

**Xoan Carlos González Campo, concelleiro de Redondela:** Das tres persoas que falamos, creo que ninguén.

**Presidente:** Si, houbo un que si, outro que tamén, e houbo outros, que se queres falan todos un a un.

**Xoan Carlos González Campo, concelleiro de Redondela:** Precipitadamente, non?

**Presidente:** Non, precipitado non é en absoluto.

A opinión de Vigo a estou dando eu. Se alguén non está de acordo, isto só é un debate político, aquí non estamos decidindo nada. E eu estou pulsando a opinión deste Pleno, no que un grupo non está porque di que quere a disolución e neste pleno constato que moi maioritariamente, escoitando todas as razóns, vemos que convén disolver. A partir de aí haberá unha votación na que ti poderás votar se convén a disolución ou non, como corresponde.

**Francisco Vázquez Troitiño, concelleiro de Mos:** Pero non e necesaria a votación, entonces? O decide a Presidencia?

**Presidente:** Non, porque a votación se terá que facer. Eu constato un clima político aquí de que procede a disolución.

**Francisco Vázquez Troitiño, concelleiro de Mos:** Ben, pois será pola opinión que ten.

**Presidente:** Si, é a miña opinión persoal, si. Temos que funcionar na realidade, se queremos podemos tomarnos ou pelo uns a outros, pero eu escoitei e eu creo que maioritariamente aquí compartimos a opinión, aínda que hai opinións distintas, que son moi respectables. A min non

me gusta nada disolver unha mancomunidad, quéroo dicir. A min gustaríame que isto seguise vivo e funcionando pero non é así. A propia deserción dun grupo político e un feito politicamente substancial, e grave, na miña opinións grave, pero xa levan dous plenos sen vir. Isto marca unha dinámica, porque son grupos que gobernan nalgúns concellos. E temos que ver a realidade, sexamos sensatos, a min cústame que este concello -cústanos a todos- que os concellos depositan recursos de tesouraría para unha obriga que non ten ningunha vantaxe para os cidadáns que pagan os seus impostos. Ata agora a tiña, pero vai un tempo que non a ten. Quero dicilo como o penso. Grazas.

Rogos e preguntas?

**Francisco Vázquez Troitiño, concelleiro de Mos:** Eu quería preguntarlle, ao Secretario sobre todo, sobre as xestión que se fixeron sobre os últimos pregos que acordamos aquí, se houbo algún resultado ou non, que figuran na acta.

**Secretario:** Imos ver, si me consta que ao día seguinte ou dous días despois de adoptar o acordo en virtude dos seus rogos, remitíronse á Xunta, pero a data de hoxe non temos resposta dá Xunta de Galicia, pero se remitiu. Pode constatarse.


Sen mais asuntos para tratar, o Presidente da as grazas e remata a sesión ás 17.54 horas, do que eu como Secretario dou fe.

vº e prace.

O PRESIDENTE

Abel R. Caballero Álvarez.

O SECRETARIO



Jose Riesgo Boluda.